

**II CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE**  
**17 DE XUÑO 2017**

## **REGULAMENTO**

### **ARTIGO 1: DATA**

O Concello de Begonte organiza o próximo 17 de Xuño de 2017, a II Carreira Popular Concello de Begonte. A carreira absoluta terá unha distancia aproximada de 5200 metros.

### **ARTIGO 2: CIRCUÍTO**

O circuítO estará completamente pechado ó tráfico e acoutado con valos e outros elementos delimitadores, naqueles tramos nos que non exista unha diferenciación natural polo mobiliario urbano.

Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola Organización.

As carreiras terán lugar unicamente pola calzada do tráfico rodado, sen empregar ningunha zona peonil.

Está prohibido o uso como zona de carreira as beirarrúas, setos centrais, zonas axardinadas, etc. O non cumprimento desta norma, así como recortar o trazado oficial, poderá supoñer a descualificación do infractor.

### **ARTIGO 3: CONTROL TÉCNICO DAS CARREIRAS**

As carreiras estarán controladas por Emesports e Total Sport S.L

### **ARTIGO 4: PECHE DE CONTROL DA CARREIRA ABSOLUTA**

O peche da proba absoluta realizarase 60 minutos despois da súa saída. Pasado ese tempo, o participante que continúe participando na carreira deberá retirarse do circuítO oficial da competición.

### **ARTIGO 5: INSCRICIÓN, COTAS E PRAZOS.**

A inscrición realizarase a través da pasarela de pago insertada na páxina online de Emesports [www.emesports.es](http://www.emesports.es) Ésta estará operativa dende a publicación deste regulamento, ata as 23:59 horas do día 14 de Xuño de 2017.

A cota de inscrición para a carreira absoluta é 5 euros.

## II CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 17 DE XUÑO 2017

### ARTIGO 6: DORSAIS E CHIPS , ENTREGA.

A entrega de chips e dorsais realizarase o mesmo día da proba, dende as 16.00h ata unha hora antes da saída.

**Cada atleta terá un chip que será facilitado pola organización. É OBRIGATORIA A DEVOLUCIÓN DO MESMO, unha vez finalizada a carreira.**

Os dorsais son persoais e intransferibles. Este deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación no mesmo, nin dobreces e así levarase durante toda a proba.

Non serán admitidos pola Organización corredores que non estean inscritos ou corran sen dorsal e chip, ou co dorsal e chip correspondentes a outra carreira. Impedirase que teñan acceso á carreira en defensa dos dereitos dos reglamentariamente inscritos.

### ARTIGO 7: CATEGORÍAS E DISTANCIAS

CATEGORÍA	ANO NACEMENTO IDADES	DISTANCIA
<b>A</b>	2008-09	500m aprox
<b>B</b>	2005-2006-2007	1100m aprox
<b>C</b>	2002-2003-2004	1600m aprox
<b>D</b>	1999-2000-2001	2700m aprox
<b>Senior</b>	18 a 39 anos	5200m aprox
<b>Veteráns A</b>	40 a 44 anos	5200m aprox
<b>Veteráns B</b>	45 a 49 anos	5200m aprox
<b>Veteráns C</b>	50 a 54 anos	5200m aprox
<b>Veteráns D</b>	55 a 59 anos	5200m aprox
<b>Veteráns E</b>	+ de 60	5200m aprox
<b>“Local”</b>	+18	5200m aprox
<b>Mini</b>		150m aprox.

### ARTIGO 8: SISTEMA DE CRONOMETRAXE

O cronometraxe realizarase mediante o sistema de chips de Emesports. Haberá varios puntos de control ó longo do percorrido. Os participantes que non cumpran co paso por tódolos puntos de control, descualificaranse se así ou decide ou xuíz árbitro dá proba, o que suporá a non aparición nas listas de resultados oficiais finais.

## II CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 17 DE XUÑO 2017

### ARTIGO 9. SERVIZOS MÉDICOS

A proba disporá dos servizos médicos, da cordo ca lexislación vixente.

### ARTIGO 10. CLASIFICACIÓNS, PREMIOS E TROFEOS.

🏆 Carreira Absoluta masculina e feminina

CLASIFICACIÓN	PREMIOS
1º	Trofeo + 200 €
2º	Trofeo + 150 €
3º	Trofeo + 100 €
4º	Medalla + 75 €
5º	Medalla + 50 €

🏆 Resto de categorías, trofeo ó 1º gañador e medalla ó 2º e 3º.

🏆 Trofeo para o primeiro atleta local masculino e feminino

Os premios e trofeos NON son acumulativos.

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Begonte a través dunha transferencia bancaria.

Os participantes que resulten gañadores recollerán nese intre un vale do premio.

Para poder realizar a transferencia do premio o **gañador**, deberá presentar copia do vale, copia do DNI, e certificación do número da conta bancaria nas oficinas do Concello ou remitir a documentación ó correo electrónico [inscricions@concellodebegonte.es](mailto:inscricions@concellodebegonte.es), antes do 30 de junio de 2017.

### ARTIGO 11: ENTREGA DE PREMIOS

Os atletas premiados deberán situarse na zona próxima á entrega de premios no momento no que se faga o anuncio pola megafonía, así como estar pendentes dá chamada a cada unha das categorías.

Con carácter xeral, os/as atletas que non se presenten a recollida do premio non momento da entrega, poden perder o dereito a recollelo.

Agradecemos ós responsables dos clubs que se teñen constancia de que algún atleta non está presente, o comuniquen na zona habilitada para a entrega de premios o antes posible para evitar esperas innecesarias.

Para aqueles que poidan alegar unha causa xustificada pola ausencia non momento da entrega, débense poñer en contacto co Concello durante un prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos e medallas non recollidos.

## II CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 17 DE XUÑO 2017

### ARTIGO 12: RECLAMACIÓNS

Todas as reclamacións faranse verbalmente ó Xuíz Árbitro, situado na zona de meta, non mais tarde de 30 minutos despois de publicados os resultados oficiais.

### ARTIGO 13: DESCUALIFICACIÓNS

Os xuíces da proba e membros da organización resérvanse a facultade de descualificar o infractor que, comprobada calquera irregularidade; non leve visible ou seu dorsal, manipule ou llo ceda a outro, altere os datos facilitados á organización ou ó xuíz árbitro con respecto ós que figuren non seu DNI ou ficha federativa, non complete o percorrido completo, manifeste un mal estado físico ou non facilite á organización a documentación que se lle requira.

Descualifícaranse ós corredores/as que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, Xurado, Servizos Médicos ou membros da Organización debidamente identificados.

Os corredores descualificados non terán opción ós premios e trofeos.

### ARTIGO 14: RESPONSABILIDADE

A organización non se fai responsable dos danos que puideran causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias dúas mesmos.

Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, realizar o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo a organización de dita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e de Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba, segundo a normativa vixente para probas populares deste tipo.

### ARTIGO 15.

O feito de inscribirse supón a aceptación do regulamento.

Tódolos corredores polo feito de inscribirse, autorizan a utilizar as fotografías e vídeos tomados no transcurso da carreira e facer uso de ditas imaxes de xeito respetuoso e responsable, conforme a Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección datos de carácter persoal e aceptan a publicación tanto do seu nome, como da súa imaxe nas clasificacións da proba, nos medios de comunicación e na internet.

O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento.